

## **MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 9305 COIRÓN-RIBADUMIA-LEIRO, DO P.K. 4+450 Ó P.K. 4+950 (RIBADUMIA)**

SITUACIÓN: E.P. 9305 COIRÓN-RIBADUMIA-LEIRO (RIBADUMIA)

PROMOTOR: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

### **MEMORIA EXPLICATIVA**

#### **1. ANTECEDENTES**

A Xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co novo Decálogo de Criterios, e co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, tanto nas vías de titularidade provincial como local, autonómica ou estatal. Por ese motivo redáctase este proxecto de “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 9305 COIRÓN-RIBADUMIA-LEIRO, DO P.K. 4+450 Ó P.K. 4+950 (RIBADUMIA)”, co fin de facer na zona de actuación unha replanificación profunda e conceptual en materia de mobilidade e seguridade viaria, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Tras realizar os correspondentes labores de recompilación e toma de datos, que permiten ter un amplo coñecemento da zona, no que se refire ao seu estado actual de conservación, servizos existentes, problemas detectados, necesidades a satisfacer, identificación de elementos de interese patrimonial, etc., redáctase o presente proxecto onde se describen unha serie de actuacións necesarias para o acondicionamento da E.P. 9305 desde o P.K. 4+450 ata o P.K. 4+950.

#### **2. OBXECTO DO PRESENTE PROXECTO**

As actuacións propostas no presente estudo teñen por finalidade acondicionar e mellorar o tramo desde o P.K. 4+450 ata o P.K. 4+950 da E.P. 9305, creando un area reservada para os peóns na marxe esquerda da estrada, dando continuidade as beirarrúas existentes desde o P.K. 4+950 ata o centro do núcleo urbano de Ribadumia, creando desta forma un tránsito peonil seguro desde o centro do núcleo urbano de Ribadumia ata elementos de gran relevancia na zona de actuación como poden ser o Centro de Información Turística de Ribadumia, o comezo da Ruta da Pedra e a Auga, o Pazo de Barrantes, elemento histórico importante para o patrimonio da zona, así como numerosas vivendas, adegas, restaurantes ou a zona de estacionamento disuasorio existente na entrada do núcleo urbano do Concello.

A maiores, debido a tratarse dunha zona de gran interese e relevancia como acabamos de comentar no parágrafo anterior, así como a existencia de vivendas nos arredores, e necesario crear tamén un area reservada para os vehículos que necesiten estacionar na zona, creando na marxe esquerda da estrada unha zona de estacionamento en liña, ata a zona do Pazo de Barrantes, onde debido ó muro de pedra existente é imposible implantar unha zona de estacionamentos nese tramo.

O obxectivo desta actuación é potenciar e dinamizar unha contorna que actualmente presenta unha serie de carencias e inconvenientes na marxe esquerda da estrada, non cumprindo coas funcións básicas que debe reunir unha vía que sirva de unión entre o núcleo urbano do Concello de Ribadumia e os elementos turísticos e de gran importancia mencionados anteriormente, sendo ademais unha marxe moi transitada por veciños que achéganse a pé diariamente desde as súas casas ou desde o estacionamento disuasorio ata o centro do núcleo urbano de Ribadumia, e mesmo por turistas que achéganse á parroquia para contemplar a beleza da Ruta da Pedra e a Auga, gozar das adegas e gastronomía da zona, ou simplemente achegarse á Oficina de Turismo de Ribadumia para obter información, ou estacionar o vehículo no estacionamento disuasorio e ir camiñando a coñecer o Concello de Ribadumia.

Polo mencionado anteriormente, perséguese unha actuación onde se delimite claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, así como as zonas de estacionamento dos vehículos, dispoñendo tanto zonas de tránsito seguras para os colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida, así como áreas reservadas para o estacionamento dos vehículos.

A maiores, renóvanse aquelas instalacións que presentan un mal estado de conservación ou quedasen obsoletas, ou directamente que sexan inexistentes, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade (accesibilidade universal), dando cumprimento á Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.

#### **3. DATOS PREVIOS**

- LOCALIZACIÓN E SITUACIÓN ACTUAL**

Aínda que a E.P.9305 Coirón-Ribadumia-Leiro comeza no termo municipal de Meaño, as obras correspondentes ao presente proxecto atópanse no termo municipal de Ribadumia, na provincia de Pontevedra.

O inicio desta actuación coincide exactamente na glorieta de intersección existente no P.K. 1+080 da vía V.G 4.2. Saída 7 (AG-41)-Cambados (PO-300) e no P.K. 4+450 da E.P. 9305 Coirón-Ribadumia-Leiro, sendo as súas coordenadas:

- WGS84 Latitude = 42.493471, Lonxitude = -8.774719

O final desta actuación conclúe no P.K. 4+950 da E.P. 9305 Coirón-Ribadumia-Leiro, sendo as súas coordenadas:

- WGS84 Latitud = 42.497079, Longitud = -8.772533

O estado actual do tramo mencionado da E.P. 9305 presenta problemas de seguridade viaria debido á ausencia dun area reservada para os peóns na marxe esquerda da vía, así como unha zona reservada para o estacionamento dos vehículos, necesitando dotar a estrada dunha zona de tránsito segura para os colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida, e dunha zona de estacionamento.

Na actualidade esta marxe presenta un sobreancho de 2.50-2.70 metros en cuneta vexetal, salvo estreitamentos puntuais, desaproveitando un espazo público moi necesario para incrementar a seguridade viaria e peonil na zona de actuación. Aínda así, este espazo non é suficiente para a creación de estacionamento e beirarrúas na marxe esquerda do tramo indicado, polo que é necesario ocupar parte dos terreos de propiedade privada que lindan á estrada mencionada, contemplando o proxecto a demolición dos muros e peches existentes, incluso retirada de portais, emparrados, contadores de luz e demais elementos necesarios para deixar o espazo a urbanizar completamente libre, realizando estes traballos de forma manual e mecánica, recuperando os materiais que especifique a Dirección Facultativa para a súa reutilización, correspondéndolle ao Concello de Ribadumia a reposición dos peches demolidos, debido a que os terreos privados necesarios para a execución da obra deben ser entregados por parte do Concello á Deputación de Pontevedra libres de toda cargas.

A maiores, é necesario instalar unha rede de evacuación das augas pluviais baixo a nova beirarrúa a construír, cos seus sumidoiros correspondentes para a captación das augas pluviais que caian tanto na estrada como na nova beirarrúa.

Desde o punto de vista da iluminación, é necesario instalar os puntos de luz existentes na actualidade nunha nova posición, conectándoos á rede de alumeadado público soterrada existente na actualidade, xa que atópase en bo estado.

Por último, aproveitando a execución do mencionado anteriormente, se instalará tamén unha rede de saneamento, cos seus pozos correspondentes e acometidas a vivendas existentes, dotando na marxe esquerda da estrada unha nova rede de pluviais e fecais separativa.

A marxe dereita da estrada conta cunha beirarrúa existente cun ancho reducido, sen alcanzar nalgún punto os 1,50 metros esixidos pola Lei de Accesibilidade de Galicia para poder considerarse unha beirarrúa practicable, necesitando crear pola outra marxe un camiño alternativo completamente accesible, cumprindo co indicado pola Lei de Accesibilidade de Galicia.

A marxe dereita da estrada conta tamén cun area reservada para o estacionamento dos vehículos en liña, cunha rede de pluviais e fecais, cos seus sumidoiros, elementos de drenaxe e acometidas correspondentes, e alcorques con vexetación, todo en bo estado.

O firme existente atópase tamén en bo estado, sen considerarse necesario unha nova pavimentación, sen presenciar elementos de deterioro importantes como pel de crocodilo ou blandóns, aproveitando a actuación para realizar unicamente no firme o repintado da sinalización horizontal no tramo indicado.

Por último, para mellorar a seguridade viaria e peonil, instalaranse Pasos de Peóns Sobreelevados que aseguren, por un lado, a seguridade do peón á hora de cruzar a estrada, cumprindo en todo momento coa Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, e, por outro lado, o cumprimento por parte dos vehículos da velocidade máxima permitida de 30 Km/h en todo o tramo, ó considerar o tramo unha travesía moi transitada por peóns, e de vía de acceso á zona urbana de Ribadumia.

#### • ORGANISMOS AFECTADOS

Os organismos oficiais afectados pola construción das obras son:  
Empresas de servizos:

- GAS NATURAL FENOSA. (electricidade)
- TELEFÓNICA. (telecomunicacións)

Organismos oficiais:

- A Deputación de Pontevedra, como organismo promotor da intervención e polas súas competencias sobre a vía.
- O Concello de Ribadumia.

#### 4. REPORTAXE FOTOGRÁFICO







## 5. DESCRICIÓN DO PROXECTO

A Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, tanto nas vías de titularidade provincial como local, autonómica ou estatal. Por ese motivo redáctase o proxecto de “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 9305 COIRÓN-RIBADUMIA-LEIRO, DO P.K. 4+450 Ó P.K. 4+950 (RIBADUMIA)”, co fin de facer na zona de actuación unha replanificación profunda e conceptual en materia de mobilidade e seguridade viaria, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

O tramo do P.K. 4+450 ó P.K. 4+950 da E.P. 9305 serve de unión entre o centro do núcleo urbano de Ribadumia e diferentes elementos de gran relevancia na zona de actuación, como poden ser:

- O Centro de Información Turística de Ribadumia.
- O comezo da Ruta da Pedra e a Auga.
- O Pazo de Barrantes, elemento histórico importante para o patrimonio da zona.
- Numerosas vivendas, adegas, restaurantes, etc.
- A zona de estacionamento disuasorio existente na entrada do núcleo urbano do Concello.

O obxectivo desta actuación é potenciar e dinamizar unha contorna que actualmente presenta unha serie de carencias e inconvenientes na marxe esquerda da estrada, non cumprindo coas funcións básicas que debe reunir unha vía que sirva de unión entre o núcleo urbano do Concello de Ribadumia e os elementos turísticos e de gran importancia mencionados anteriormente, sendo ademais unha marxe moi transitada por veciños que achéganse a pé diariamente desde as súas casas ou desde o estacionamento disuasorio ata o centro do núcleo urbano de Ribadumia, e mesmo por turistas que achéganse á parroquia para contemplar a beleza da Ruta da Pedra e a Auga, gozar das adegas e gastronomía da zona, ou simplemente achegarse á Oficina de Turismo de Ribadumia para obter información, ou estacionar o vehículo no estacionamento disuasorio e ir camiñando a coñecer o Concello de Ribadumia.

Na actualidade, o tramo da vía presenta problemas de seguridade viaria debido á ausencia de zonas seguras reservadas para os colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida, ademais de non ter un área reservada para o estacionamento dos vehículos, nin unha rede de evacuación das augas pluviais.

Co fin de mellorar a zona de actuación en materia de mobilidade e seguridade viaria, redáctase este proxecto, centrando a actuación principal en mellorar a contorna existente, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade (accesibilidade universal), dando cumprimento á Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.

Dita actuación consistirá en:

- 1) Execución de beirarrúas na marxe esquerda da estrada, desde o P.K. 4+450 ó P.K. 4+700, a distinta cota do firme existente, cun ancho de beirarrúa de 2,50 metros, cumprindo en todo momento coa Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, e co novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais da Deputación de Pontevedra.  
Dita actuación consistirá, en primeiro lugar, na retirada de elementos existentes na actualidade na zona de actuación, sinais de tráfico, cartelería de dirección de gran tamaño, postes da luz afectados, báculos de iluminación, peches de vivendas, vexetación, etc., para posteriormente proceder a realizar un saneo no terreo escavando 80 cm de profundidade e realizando un recheo mediante 0,65 metros de material seleccionado e 0,15 cm de zorra 0/20, pavimentando despois con 15 cm. de formigón coloreado HA-25/B/20/IIa, fabricado en central, incluíndo mallazo electrosoldado ME 20x20 cm, de diámetro 6-6 mm e aceiro B-500S, con acabado pulido ou regleado con regleta vibradora, a elixir pola Dirección facultativa, con formación de xuntas de retracción mediante cortes transversais de longo libre a cada 0,50 metros, 1,00 metro, 1,50 metros, 2,00 metros e 2,50 metros. A maiores, a beirarrúa irá separada da estrada mediante un bordo de pedra de granito Gris (Alba, Mondariz, Morrazo, etc.), a elixir tonalidade e características pola dirección facultativa, de dimensións 30x25 cm. de sección, con chaflán de 1 cm, e rebaixas para accesos a entradas de vivendas existentes.

- 2) Execución de pavimentación do sobreancho existente na marxe esquerda da estrada, desde o P.K. 4+700 ata o P.K. 4+850, atopándose na actualidade en cuneta vexetal, obtendo un área reservada para os peóns que oscila entre os 1,50 e 1,70 metros, dotando á estrada dunha zona de tránsito segura para os colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida, á mesma cota que o firme existente, cumprindo en todo momento coa Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, creando un itinerario practicable neste estreitamento puntual, e co novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais da Deputación de Pontevedra.

Dita actuación consistirá, en primeiro lugar, na retirada de elementos existentes na actualidade na zona de actuación, sinais de tráfico, postes da luz afectados, báculos de iluminación, etc., para posteriormente proceder a realizar un saneo do sobreancho de cuneta vexetal existente na actualidade, escavando 80 cm de profundidade e realizando un recheo mediante 0,65 metros de material seleccionado e 0,15 cm de zorra 0/20, pavimentando despois con 15 cm. de formigón coloreado HA-25/B/20/IIa, fabricado en central, incluíndo mallazo electrosoldado ME 20x20 cm, de diámetro 6-6 mm e aceiro B-500S, con acabado pulido ou regleado con regleta vibradora, a elixir pola Dirección facultativa, con formación de xuntas de retracción mediante cortes transversais de longo libre a cada 0,50 metros, 1,00 metro, 1,50 metros, 2,00 metros e 2,50 metros.

Esta zona irá a mesmo nivel que o firme existente, protexendo o área reservada para os peóns mediante bolardería de Inox. colocados cada 2,00 metros.

- 3) Execución de zona reservada para o estacionamento dos vehículos na marxe esquerda da estrada, desde o P.K. 4+450 ó P.K. 4+700, a mesma cota do firme existente, cun ancho de estacionamento de 2,20 metros.

Dita actuación consistirá, en primeiro lugar, na retirada de elementos existentes na actualidade na zona de actuación, sinais de tráfico, cartelería de dirección de gran tamaño, postes da luz afectados, báculos de iluminación, peches de vivendas, vexetación, etc., para posteriormente proceder a realizar un saneo no terreo escavando 80 cm de profundidade e realizando un recheo mediante 0,45 metros de material seleccionado e 0,25 cm de grava 40/70, pavimentando despois con 10 cm. de mestura bituminosa en quente, 5 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC/22 BIN 50/70 D e outros 5 cm de tipo AC/16 SURF 50/70 S, contemplando tamén a rega semiprofunda e as regas de adherencia necesarias.

- 4) Colocación de catro Pasos de Peóns Sobreelevados (PPS) nos puntos indicados no plano, contemplando tanto a colocación dos elementos de calmado de tráfico como a sinalización horizontal e vertical correspondente, limitando a velocidade da zona a 30 Km/h, incrementando desta forma a seguridade do peón á hora de cruzar a estrada, cumprindo en todo momento coa Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, e conseguindo un calmado de tráfico na zona de actuación.

Dita actuación consistirá, en primeiro lugar, na execución do P.P.S con mestura bituminosa tipo AC-16-Surf-50/70-S, estendido en dúas capas, coas súas correspondentes regas e varrido previo da zona, previo fresado de 5 cm do firme existente nas cabezas.

A maiores, se executarán beirarrúas en zonas de aparcadoiro do marxe dereito, creando así unha área reservada ao peón, con dimensións 2,20 m de ancho polo longo do P.P.S, executando as beirarrúas con 15 cm de soleira de formigón e baldosa hidráulica, sobre unha capa de 15 cm de zahorra, previa demolición do firme existente e escavación para saneo, delimitado por bordos de 15x25 cm de pedra, quedando a un mesmo nivel o bordo e o P.P.S, creando unha plataforma única de uso mixto, tendo prioridade o tránsito peonil, sen existir ningún tipo de barreira arquitectónica entre os dous elementos. Os P.P.S. quedarán correctamente sinalizados con baldosa hidráulica podotáctil, a sinalización horizontal e vertical correspondente e captafaros tipo Ollo de Gato nas súas catro esquinas para sinalizar a existencia do elemento na vía.

- 5) Execución da sinalización horizontal e vertical en todo o tramo indicado, contemplando a sinalización vertical mediante sinais de aceiro galvanizado, e a sinalización horizontal mediante pintura plástica en frío de dous componentes, pintando tanto as liñas do centro da estrada coma dos marxes, así como os símbolos de STOP, cebreados, zonas reservadas para os peóns nos P.P.S, etc.
- 6) Mellora da drenaxe superficial da vía mediante a execución dunha rede de pluviais de PVC de diámetro 400 mm pola marxe esquerda da estrada, cos seus correspondentes pozos de rexistro de formigón.  
Os Sumidoiros de formigón HM-20/P/40/IIa, de 60x30x75cm. de dimensións interiores, colocaranse aproximadamente cada 25 metros, recollendo as augas tanto da vía como da senda peonil, mellorando a drenaxe superficial da plataforma.
- 7) Mellora das redes existentes na zona de actuación, executando unha rede de saneamento na marxe esquerda da estrada, de PVC de diámetro 315 mm, cos seus correspondentes pozos de rexistro de formigón e acometidas a vivendas existentes.
- 8) Traslado das 6 luminarias existentes na actualidade na zona de actuación, contemplando o proxecto a desconexión das luminarias na rede existente, retirada, o acopio e a recolocación en nova posición, con cimentación, ancoraxes, condutos, cables e demais elementos necesarios para deixar as luminarias colocadas na nova posición, conectadas á rede de alumeadado público soterrada existente na actualidade e correctamente funcionando.  
A maiores, é necesario realizar o traslado a nova aliñación de peche do armario de cadro de mandos do alumeadado público existente, contemplando o proxecto a desconexión do cadro na rede existente, retirada, o acopio e a recolocación en nova posición, con cimentación, ancoraxes, condutos, cables e demais elementos necesarios para deixar o cadro colocado na nova posición, conectado á rede de alumeadado público soterrada existente na actualidade e a rede de electricidade existente e correctamente funcionando.
- 9) A maiores, contemplaranse tódolos traballos necesarios para facer posible a actuación mencionada, como por exemplo a retirada e posterior colocación onde especifique a Dirección Facultativa da parada de bus existente, a retirada e posterior colocación onde especifique a

Dirección Facultativa do panel informativo existente, o retranqueo dos postes da luz necesarios, a retirada das sinais existentes, etc.

## 6. NECESIDADE DE OCUPACIÓNS

Aínda que gran parte da actuación desenvólvese dentro do Dominio Público da estrada EP-9305, será necesario ocupar algúns terreos de titularidade privada para a construción das obras proxectadas.

Deste xeito, os terreos de titularidade privada a ocupar serán postos a disposición polo Concello de Ribadumia, que deberá xestionar as correspondentes cesións dos devanditos terreos cos propietarios dos mesmos.

No Anexo I. Necesidades de ocupación recóllense as parcelas afectadas, así como os seus propietarios e a magnitude da superficie ocupada.

## 7. CUMPRIMENTO DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO

O proxecto desenvólvese sobre un viario de titularidade da Deputación de Pontevedra, en zonas cuxas marxes están clasificadas dentro das Normas subsidiarias de planeamento de Ribadumia como Solo de Núcleo Rural. Polo tanto son de aplicación as ordenanzas da protección e uso de estradas da Deputación Provincial e as ordenanzas municipais e normativa do PXOM de Ribadumia.


## 8. AFECCIÓNS AO PATRIMONIO E AO MEDIO AMBIENTE

Desde o punto de vista do Patrimonio Cultural, o ámbito da obra non invade solo de especial protección, existindo simplemente próximos á contorna do ámbito da obra un área de interese paisaxístico (AIP-3), un área de solo rústico de especial protección de interese agropecuario (SR-P7) e elementos do patrimonio arquitectónico civil (Pazo de Barrantes, con número de ficha AC-08), catalogado no PXOM de Ribadumia como solo rústico de especial protección por elementos catalogados ou de protección exterior de xacementos arqueolóxicos (SR-P5), pero sen afectar ningunha destas áreas ó noso ámbito da obra.

A obra delimítase ao dominio público da estrada provincial, en solo clasificado segundo o PXOM de Ribadumia como Solo de Núcleo Rural, actuando só a nivel superficial, mellorando a contorna mediante a creación de beirarrúas e aparcadoiro na marxe esquerda da vía existente nun viario completamente consolidado no municipio de Ribadumia, polo que non se prevén afeccións ao patrimonio.

Desde o punto de vista medio ambiental, as actuacións que contempla o proxecto non están recollidas nos anexos I ou II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non é necesaria a tramitación ambiental do proxecto.

**CATALOGO DE BENS CULTURAIS** **FICHA Nº 8**



**DENOMINACIÓN:** Pazo de Barrantes. (AC-8)

**LOCALIZACIÓN:** Castaños. Barrantes

**TIPO DE ELEMENTO:** Pazo.

**TITULARIDADE:** Privada

**DESCRIPCIÓN:**  
Construción con planta en forma de L. Consta de baixo e planta. Posúe varias portas de ordenación similar: arco de medio punto, de sección prismática, volteado directamente sobre as xambos, tamén sen moldurar. Numerosos escudos nas dúas fachadas, algún deles enmarcado por figuras de guerreiros ou animais.  
Posúe capela de planta rectangular con teito de madeira a dúas augas.  
Fachada simple. Porta con arco de medio punto liso, enriba un pequeno óculo e sobre este un escudo. No piso destaca unha espadafía de un solo vano semicircular. Na finca levántase un hórreo de grandes dimensións, montado sobre 22 pilares. O pazo foi moi restaurado.


**ORDENANZA DO PXOM NA QUE SE ATOPA:** SR-P7 (Protección agropecuaria)

**PLANEAMENTO POSTERIOR:**

Obrigado	Oplativo	<input checked="" type="checkbox"/> Innecesario
----------	----------	---

**GRADO DE PROTECCIÓN:**

Integral	Estructural	Ambiental	<input checked="" type="checkbox"/>
----------	-------------	-----------	-------------------------------------



**PLANO DE LOCALIZACIÓN:** Escala 1:5.000. Plano 4.1. Clasificación do solo.



Elemento do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico catalogado no PXOM de Ribadumia





Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente aprobado con data de 13/03/2001.

## 9. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Ao seres o orzamento da obra inferior á cantidade de cincocentos mil euros (500.000 €) non se fai necesaria a clasificación do mesmo, en cumprimento da Lei 14/2013, de 27 de Setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

## 10. ORZAMENTO

O orzamento de execución material do presente estudo ascende á cantidade de **CENTO CINCUENTA E SEIS MIL TRESCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON DOCE CÉNTIMOS DE EURO (156.322,12 €)**, sendo o orzamento de contrata **DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL OITENTA E OITO EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS DE EURO (225.088,23 €)**.

## 11. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

O Orzamento para Coñecemento da Administración resulta de sumar ao orzamento de contrata o custo das expropiacións e dos Servizos Afectados.

Neste caso, non se prevé a realización de expropiacións, polo que o Orzamento para o Coñecemento da Administración resulta ser unicamente dos Servizos Afectados, ascendendo o Orzamento para Coñecemento da Administración á cantidade de **DOUSCENTOS TRINTA E SEIS MIL CATROCENTOS DEZAOITO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (236.418,48 €)**

## 12. PRAZO DE EXECUCIÓN E GARANTÍA

O prazo de execución das obras será de **CATRO MESES (4)** para a realización do conxunto das obras a partires da data de replanteo. O prazo de garantía será de UN ANO a partires da recepción das obras.

## 13. DOCUMENTOS DO PROXECTO

O presente traballo consta dos seguintes documentos regulamentarios:

### DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS

**MEMORIA DESCRIPTIVA**

**ANEXOS Á MEMORIA**

Anexo nº I: Situación actual e reportaxe fotográfico  
Anexo nº II: Topografía e replanteo  
Anexo nº III: Xeoloxía e xeotécnica  
Anexo nº IV: Integración ambiental  
Anexo nº V: Necesidade de ocupacións  
Anexo nº VI: Servizos afectados  
Anexo nº VII: Implantación da obra  
Anexo nº VIII: Plan de control de calidade  
Anexo nº IX: Estudo de Xestión de Residuos  
Anexo nº X: Estudo de Seguridade e Saúde  
Anexo nº XI: Plan de obra  
Anexo nº XII: Xustificación de prezos  
Anexo nº XIII: Orzamento para coñecemento da Administración

**DOCUMENTO Nº 2: PLANOS****DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS****DOCUMENTO Nº 4: ORZAMENTO****4.1 MEDICIÓNS****4.2 CADRO DE PREZOS**

4.2.1. Cadro de prezos nº 1

4.2.2. Cadro de prezos nº 2

**4.3. ORZAMENTO**

4.3.1. Orzamento de Execución Material

4.3.2. Orzamento Base de Licitación

**14. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 123 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO**

O presente Proxecto de Construción contén os documentos necesarios de acordo co disposto no artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do Sector Público.

**15. CUMPLIMIENTO DA LEI 10/2014 E DO DECRETO 35/2000**

Na redacción do presente proxecto deuse cumprimento á Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao Decreto 35/2000 do 29 de Febreiro, téndose en conta as normas e os criterios básicos, destinados a facilitar ás persoas con calquera

limitación funcional ou sensorial a accesibilidade e utilización dos bens e servizos da colectividade, así como evitar e suprimir as barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o seu normal desenvolvemento.

**16. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA**

O presente proxecto cumpre o sinalado no artigo 125 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por constituír unha obra completa, entendéndose por tal a susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das posteriores ampliacións de que posteriormente poidan ser obxecto e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

Pontevedra, Xaneiro de 2018

O enxeñeiro autor do proxecto

O Xefe dos Servizos Técnicos de Mobilidade:

Fdo.: Jaime David Ruibal de Sola

Fdo.: Francisco Alonso Fernández

## **ANEXOS Á MEMORIA**



